

Proxecto Educativo

CPI A Xunqueira



período
2022/26



1 INTRODUCCIÓN	5
2 ASPECTOS XERAIS	5
2.1 MARCO LEGAL	5
3 A CONTORNA	7
3.1 SITUACIÓN XEOGRÁFICA	7
3.2 ALUMNADO	8
3.3 FAMILIAS	8
4 O CENTRO	8
4.1 FICHA DE IDENTIDADE	8
4.2 LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA	8
4.3 HISTORIA	9
4.4 DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS	10
4.4.1. Planta baixa	11
4.4.2. Primeira planta	12
4.4.3. Segunda planta	12
4.5 DESCRICIÓN DAS ENSIANZAS QUE IMPARTE	13
4.6 CENTROS ADSCRITOS	14
4.7 PERSOAL DO CENTRO	14
4.7.1. Profesorado	14
4.7.2. Persoal non docente	15
4.8 HORARIO	15
4.8.1. Horario xeral	15
4.8.2 Horario lectivo	16
4.8.3 Horario de gardas de transporte	16



Educación infantil e primaria	16
Educación secundaria	16
4.8.4 Horario de gardas de recreo	17
Educación infantil	17
Educación primaria	17
Educación secundaria	17
4.8.5 Horario de secretaría	17
4.9 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	18
4.9.1 Comedor e servizo de madrugadores	18
4.9.2 Transporte	18
5 OS PRINCIPIOS DE IDENTIDADE, VALORES E FINS EDUCATIVOS	20
5.1 IDENTIDADE E VALORES	20
5.2 FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS	21
5.2.1. Pedagóxicos:	21
5.2.2 De coordinación docente	21
5.2.3. Humanos	22
5.2.4. Institucionais	22
5.2.5. Administrativos	22
5.2.6. Normalización lingüística	23
6 CONCRECIÓN CURRICULAR E ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	23
6.1 A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	23
Educación infantil	23
Educación primaria	24
Educación secundaria	25
6.2 A contribución á adquisición das competencias	26
6.3 Os criterios para incorporar elementos transversais	27



6.4 Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	27
6.5 Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	28
6.6 Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	31
6.6.1 Criterios xerais para a adxudicación das horas de libre disposición en 1º e 2º da ESO	31
6.6.2 Criterios xerais para a elección da materia optativa en 3º da ESO	31
6.6.3 Criterios xerais para a elaboración de itinerarios en 4º da ESO	32
6.7 Os criterios para o deseño das actividades complementarias	32
6.8 Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	33
6.9 Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	34
Educación primaria	34
Educación Secundaria Obrigatoria	34
6.10 Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	35
6.10.1 Criterios xerais sobre a avaliación do alumnado	35
Educación primaria	35
Educación secundaria	36
6.10.2 Criterios xerais sobre a promoción do alumnado	37
Educación primaria	37
Educación Secundaria Obrigatoria	38
6.10.3 Criterios xerais sobre a titulación do alumnado	38
6.11 Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	39
6.12 As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	39
6.13 Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	40
6.14 O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	40
6.15 Período de adaptación en Educación Infantil	42



6.15.1 Xustificación do periodo de adaptación	42
6.15.2 Obxectivos	42
6.15.3 Organización	42
6.16 DOCUMENTOS DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	42
7 OUTROS DOCUMENTOS DE INTERESE	43
7.1 Programación Xeral anual	43
7.2 Memoria Anual	43
7.3 Documentos organizativos	44
8 AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PE	44
8.1 AVALIACIÓN	44
8.2 MODIFICACIÓNS NO PE	44
8.3 DIFUSIÓN DO PE	44

1 INTRODUCCIÓN

A entrada en vigor da LOMLOE e a incorporación dun renovado equipo directivo no quadrienio 2022/2026, fai que sexa necesario a revisión e actualización do PE do centro.

2 ASPECTOS XERAIS

O Proxecto Educativo é o instrumento que define ao centro, concretando as súas intencións educativas. Partindo da realidade e do contorno socio-económico e cultural onde se sitúa o centro, este documento será o marco no que se sustenten as liñas de actuación de todos os membros da comunidade educativa e as metas que se pretenden acadar. A súa función principal é servir de referente en todas as actividades que se leven a cabo. Para desenvolver e dar sentido a este proxecto é necesario dar resposta a varias cuestións:

- Onde estamos e a quen nos diriximos? Contorno social, económico, cultural e lingüístico do centro.
- Quen somos? Os nosos sinais de identidade, que se plasman nas características do centro tanto na oferta educativa, modalidade, optativas, servizos..., sen obviar os valores, principios e fins que rexen a vida do centro e as prioridades de actuación.
- Que queremos? Lograr unha autonomía pedagóxica, definindo a nosa concreción curricular elaborando proxectos e programas que nos axuden a este fin.
- Como nos organizamos? A través do Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento, que proporcionan ao centro unha autonomía organizativa

2.1 MARCO LEGAL

A ideoloxía propia do centro segue os principios de:

- Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948.
- A Constitución Española de 1978.
- O Estatuto de Autonomía de 1981.

Os aspectos educativos están regulados por:

- A lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación 8/1985 (LODE).
- A Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio (LOE).
- A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE), para a mellora da calidade educativa.
- A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE), pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

O funcionamento deste CPI está regulado polo:

- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.



- Orde do 3 de outubro de 2000 polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999.

Os requisitos mínimos das instalacións do centro están regulados polo:

- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro.

A nivel curricular, actualmente están en vigor para as tres etapas educativas impartidas neste centro os seguintes decretos:

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (Para os cursos pares de primaria)
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (Para os cursos pares da ESO)
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.
- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os dereitos e deberes do alumnado están recollidos na:

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

A Dinamización da Lingua Galega está regulada polo:

- Lei de normalización lingüística (Lei 3/1983, do 15 de xuño).
- Decreto 79/2010, do 10 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2014, do 20 de maio, en relación á exención da materia de lingua galega.

A admisión do alumnado está regulada por:

- Decreto 254/2012 do 13 de decembro.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas do 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, da ESO e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 25 de xaneiro de 2017, pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.
- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

A administración dos recursos económicos do centro está regulada por:

- Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.
- Orde do 12 de xaneiro de 1988 pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios.

Os protocolos de actuación en cuestións administrativas teñen que ser coherentes coa lei que os regulan para as administracións públicas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. o Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

3 A CONTORNA

3.1 SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O CPI A Xunqueira está situado no barrio de San Valentín, pertencente ao Concello de Fene. Fene é un concello da provincia da Coruña, na comarca de Ferrolterra. Segundo o INE en 2021 o Concello tiña 12.832 habitantes, e a parroquia de San Valentín 1334. Este é un concello rural e industrial. A súa principal actividade económica durante a segunda metade do século XX foi a construción naval.

Diversas crises no sector desembocaron en sucesivas reconversións que produciron unha elevada taxa de paro e unha posterior débil recuperación económica, que non conseguiu recuperar a economía ata niveis de épocas anteriores. En concreto o barrio de San Valentín ten unha maioría de poboación xubilada, cunha escaseza de xente nova, o que se traduce nunha tendencia descendente no número de alumnas/os.

3.2 ALUMNADO

Proveñen maioritariamente do barrio de San Valentín. En Ed. Secundaria matricúlase alumnado doutras parroquias como son Perlío, Fene e Sillobre polo que o 47% do alumnado utiliza o transporte escolar. Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas, e a maioría comprende as dúas linguas da comunidade. A presenza do alumnado inmigrante é pouco importante.

3.3 FAMILIAS

Na análise da composición socio-económica das familias, verifícase que unha porcentaxe moi alta pertence a un nivel social medio-baixo, dedicándose a traballar no sector terciario e secundario. Nas diferentes enquisas feitas ás familias, dentro das avaliacións oficiais, o centro clasifícase nun ISEC medio-baixo. Este indicador estuda o nivel máximo de estudos das familias e os recursos económicos dos fogares. O nivel de estudos das familias é de estudos básicos ou secundarios, cunha pequena porcentaxe de familias con estudos superiores. A maioría viven nun contorno semiurbano, nun edificio de pisos. As familias que residen nas parroquias máis rurais, viven en casas unifamiliares.

4 O CENTRO

4.1 FICHA DE IDENTIDADE

CENTRO	CPI A Xunqueira
CÓDIGO	15023405
ENDEREZO	Avda. do Mar s/n
LOCALIDADE	Fene
CÓDIGO POSTAL	15500
TELÉFONO	881930110
FAX	881930117
CORREO ELECTRÓNICO	cpi.axunqueira@edu.xunta.gal

4.2 LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

O CPI A Xunqueira está situado na parroquia de San Valentín do Concello de Fene. O Concello de Fene é un concello no Noroeste de Galicia, integrado na comarca coruñesa de Ferrolterra que, á súa vez, forma parte do gran conxunto comarcal do Golfo Ártabro xunto coas Mariñas e A Coruña.



O concello limita cara ao norte co municipio de Neda, no sur cos de Cabanas, Ares e a súa ría. Na banda leste fai linde co concello da Capela e na occidental toca co concello de Mugardos e mais a ría de Ferrol. Fene ten unha extensión de 27,4 quilómetros cadrados. O seu territorio distribúese en oito parroquias: San Salvador de Fene, Magalofes, Sillobre, Limodre, Barallobre, Maniños, Perlío e San Valentín.

4.3 HISTORIA

O noso centro comeza a funcionar nos baixos dos edificios do barrio no curso 1983/1984, sendo primeiramente un colexio público de Educación Infantil e EXB; dende o ano 1998 constitúese como Centro Público Integrado, con ensinanzas que abranguen Educación Infantil, dende 3 anos e todas as etapas da educación obrigatoria, primaria e secundaria, de 6 a 16 anos.

Moitos foron os discentes e docentes que pasaron polo centro, moitas as persoas que contribuíron a facer del un lugar onde aprender, onde compartir e gozar. A todos eles hai que agradecerlles o seu esforzo e traballo. Non debemos esquecer que grazas a eles, hoxe estamos aquí. Foi un arduo proxecto que tivo á fronte os seguintes directores/as:

- M^a Elena Calvo Merlán (1984-1986)
- María Pena Bouza (1989-1994)
- María C. Lamas Vázquez (1986-1989 e 1994-2007)
- Ricardo Agulló Leal (2007-2014)
- M^a Isabel Hermida Rodríguez (2014 ata a actualidade)



4.4 DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS

O recinto escolar está situado ao carón do paseo marítimo de San Valentín; trátase dun gran recinto no que se sitúa o edificio principal, a cafetería adosada, unha caseta para o depósito de combustible, unhas pistas polideportivas e un amplo xardín. Conta cunha zona de aparcadoiro situada entre o recinto e a Avda do Mar, reservado para o uso do profesorado durante o horario escolar; tamén hai unha zona reservada para que as familias deixen ao alumnado diante do centro, chamada “Bica e arrinca” e que funciona durante o horario de entrada. Cómpre sinalar que todo o recinto está cruzado por unhas liñas de alta tensión, que por máis que dende o Consello Escolar e a ANPA se solicitou o seu soterramento en numerosas ocasións, non se conseguiu ata agora.



- 1 COLEXIO C.P.I. A XUNQUEIRA
- 2 DEPÓSITO DE COMBUSTIBLE DO COLEXIO
- 3 AVENIDA DO MAR
- 4 PASEO MARÍTIMO
- 5 PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
- 6 PARQUE INFANTIL
- 7 PRAZA PÚBLICA
- 8 PISTA POLIDEPORTIVA MUNICIPAL
- 9 TORRE DE ALTA TENSIÓN
- 10 INSTALACIÓN DE GAS NATURAL
- 11 RIA DE FERROL
- 12 PRAIA
- 13 LIÑA AEREA DE ALTA TENSIÓN

O responsable do mantemento do edificio é o Concello de Fene, que nos últimos cursos dotou de maior seguridade ao recinto colocando portas automáticas tanto na entrada peonil como na entrada de vehículos. A carpintería metálica exterior do edificio (portas e ventás) presenta moitas deficiencias; o illamento é nulo e no inverno fai moito frío; isto é debido a que non se procedeu ao seu reempazo dende a inauguración do edificio. O Consello Escolar demandou á Xefatura territorial o arranxo destas deficiencias sen obter resposta ata o momento.

O edificio está distribuído en tres plantas, comunicadas por 3 escaleiras. A escaleira 1, situada á dereita do edificio é para uso prioritario do alumnado de infantil e primaria; a escaleira 2, central, é para uso prioritario o alumnado da ESO; a escaleira 3, na esquerda para o uso prioritario do profesorado.


No plano xeral do recinto, aparece o edificio principal en vermello. O anexo que aparece na parte superior correspóndese coa cafetería do centro, que é unha ampliación posterior do edificio.



4.4.1. Planta baixa

Ten un gran soportal cuberto no que se sitúan as 3 portas de acceso principal, unha de uso prioritario para infantil e primaria á esquerda, unha central para uso prioritario do alumnado da ESO e a da dereita para uso do alumnado dos primeiros cursos de infantil, do profesorado, das familias e dos subministrados.

Entrando pola porta da esquerda está o local da ANPA, aseos para o alumnado, o cadro eléctrico, despacho de orientación, sala de creación audiovisual, sala de entrevistas e almacéns. A continuación, no corredor están emprazadas dúas unidades de Educación Infantil (4º e 5º de EI), que contan con aulas con acceso directo ao exterior e aseo adaptado á idade do alumnado; entre elas está a sala de atención ao alumnado con discapacidade física, que conta cunha padiola e un guindastre. Fronte á porta principal están os despachos de xefatura de estudos, dirección e secretaría, seguidos do botiquín e dun aseo; fronte estes despachos sitúase conserxería, reprografía e o taller de mantemento. Seguindo polo corredor está o ximnasio e o acceso interior á cafetería. Esta zona pódese illar do resto do centro mediante unha porta corredeira, o que facilita o uso da cafetería e do ximnasio fóra do horario escolar. O ximnasio conta con dous almacéns, con vestiarios femininos e masculinos e ten unha porta de acceso independente, habilitada para cadeiras de rodas. Non obstante é moi pequeno polo que todos os anos solicitamos a colaboración do Concello para usar como aula de educación física o Pavillón polideportivo situado ao carón do centro.



PLANTA BAIXA (INFANTIL E ADMINISTRACIÓN)

4.4.2. Primeira planta

Están emprazadas todas as aulas de primaria, e a aula de 6º de infantil, así como aseos para o alumnado e o profesorado. Fronte á escaleira 2 está a Biblioteca, e entre as escaleira 2 e 3 sitúase a Sala de profesores. Nesta planta está a aula de inglés, aula de usos múltiples, aula de PT, aula de AL e o laboratorio de ciencias. Cada curso escolar, en función do número de grupos de cada curso, distribúense as aulas, colocando sempre máis preto das escaleiras da dereita as aulas de 1º, 2º e 3º de primaria, así coma a aula de 6º de infantil. Fronte a sala de profesores sitúanse 5º e 6º de primaria e cara á escaleira de uso preferente do profesorado, 4º.




PLANTA PRIMEIRA (PRIMARIA)

4.4.3. Segunda planta

Están emprazadas todas as aulas da ESO, así como aseos para o alumnado. Tamén están as aulas de música, plástica, informática, maker e o taller de tecnoloxía. Temos unha sala de titoría para o profesorado, aula de PT e aula de convivencia. Cada curso escolar reestruturamos a colocación dos



grupos, en función da distribución do alumnado. Nos corredores están instalados uns armarios para que o alumndo poida gardar as súas pertenzas.



PLANTA SEGUNDA (SECUNDARIA)

4.5 DESCRICIÓN DAS ENSINANZAS QUE IMPARTE

No CPI A Xunqueira pódense cursar estudos de Educación infantil, Educación primaria e Educación Secundaria. Segundo o catálogo de postos de traballo actualizado con data decembro 2021, están autorizadas 3 unidades de infantil, 6 en primaria e 8 en secundaria. Dende o curso 2016/17 e ata o curso 2021/22 conta cunha sección bilingüe na materia de educación plástica e visual en 1º da ESO.

Materias que se imparten:

Educación Infantil: Impártense as establecidas no Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil e o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. O alumnado cursará as áreas: Comunicación e Representación da Realidade; Crecemento en Harmonía; Descubrimiento e Exploración da Contorna, ademais de Lingua Extranxeira (inglés), educación física e educación artística.

Educación Primaria: Impártense as establecidas no Decreto 105/2014 para os curso pares. Para os cursos impares as establecidas no Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria e seguindo as instrucións da RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no curso académico 2022/23. .

Educación Secundaria Obrigatoria: Impártense as obrigatorias establecidas polas diferentes lexislacións en vigor. En canto as optativas, para o curso 22-23:

1º da ESO (LOMLOE): 2ª Lingua Estranxeira (Francés); nas 2 horas de libre disposición unha será de Matemáticas e a outra de Lingua Castelá.

2º da ESO (LOMCE): 2ª Lingua Estranxeira (Francés); materia de libre configuración do centro, a escoller entre oratoria, programación e promoción de estilos de vida saudables.

3º da ESO (LOMLOE): unha materia optativa a escoller entre Francés, Cultura Clásica, Educación Dixital ou Oratoria. Ofértase tamén o Programa de Diversificación Curricular.

En 4º de ESO ofértanse dous itinerarios :

- Orientado ás ensinanzas Académicas: onde escollen dúas materias de opción (Física e Química ou Latín; Bioloxía ou Economía) e Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas.
- Orientado ás ensinanzas aplicadas: onde teñen dúas materias de opción (Ciencias aplicadas á actividade profesional, Iniciación á actividade emprendedora e empresarial) e Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas.
- En ambos itinerarios escollen dúas materias optativas (Música, Francés ou TIC); (Artes Escénicas, Tecnoloxía ou Plástica).

Nos cursos impares poden elixir entre Relixión Católica, Relixión Evanxélica ou Proxecto Competencial; nos pares poden entre Relixión Católica, Relixión Evanxélica ou Valores Éticos.

4.6 CENTROS ADSCRITOS

O CPI A Xunqueira ten adscritos dous centros:

- CEIP Centieiras no que o seu alumnado pode incorporarse á ESO ao rematar a Educación Primaria.
- IES Fene no que o alumnado do CPI pode incorporarse para cursar ensinanzas postobligatorias.

4.7 PERSOAL DO CENTRO

4.7.1. Profesorado

O centro conta con 33 postos de traballo definitivos, 3 postos de relixión e 2 provisionais (a directora e un mestre/a).

Infantil e primaria 17

EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	PTC	ALC	RCAT	REVA
3	5	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1

Unha mestra de PT comparte co CEIP O Ramo; a mestra de AL comparte co CEIP Centieiras. A mestra de Relixión católica comparte co CRA de Narón; a mestra de Relixión evanxélica comparte co CEIP de Esteiro e imparte docencia tamén no 1º ciclo da ESO. No CXT resultou vacante a praza de música, polo que se solicitará un provisional para cubrila mentres non resulte adxudicada. Provisionalmente



temos 7 unidades en primaria, polo que solicitamos un mestre/a provisional mentres dure esta situación.

ESO 17

DEB	EF	FQ	FRA	ING	LCAS	LGAL	MAT	MUS	ORI	PT	TEC	XH
1	1	1	1	1	2	2	2	1	1	1	1	2

O profesorado da ESO pertence ao corpo de Profesores de ensino Secundario, agás a de PT que é mestra e a profesora de tecnoloxía que pertence ao corpo de Catedráticos de ensino secundario. Ademais unha PES imparte Relixión católica, compartindo centro co IES de Fene e o IES Fernando Esquío (centro base). A directora está destinada en comisión de servizos neste centro, e pertence ao corpo de Catedráticos de ensino secundario, dentro do departamento de matemáticas. No CXT resultou vacante a praza de orientación, polo que se solicitará un provisional para cubrirla mentres non resulte adxudicada.

A estabilidade do profesorado facilita a implicación dos docentes en diferentes proxectos culturais, extraescolares e educativos, así como a continuidade nos mesmos. Tamén facilita a convivencia co alumnado, baseada no mutuo coñecemento, respecto e valoración por ámbalas dúas partes.

4.7.2. Persoal non docente

No centro hai 1 persoa funcionaria da Xunta que exerce as tarefas administrativas na secretaría do centro, 1 subalterno traballador do concello que fai os labores de conserxería e 2 traballadoras que pertencen ao persoal laboral da Xunta de Galicia, son coidadoras que atenden aos alumnos con dificultades motrices. Tamén exercen o seu labor, dúas traballadoras dunha empresa privada, contratada polo concello, encargadas da limpeza das instalacións.

4.8 HORARIO

4.8.1. Horario xeral

O centro ten autorizada a xornada única, co seguinte horario:

- Luns, martes, mércores xoves e venres dende as 08:45 ata as 13:45 para todos os niveis educativos.
- Martes dende as 16:20 ata as 18:00 para a ESO.

Ademais respectarase o horario de calquera actividade legalmente autorizada fóra do horario xeral.

A porta peonil do pavillón abrirá ás 8:15 horas; a partir das 8:25 o profesorado comenzará a garda de entrada, vixiando tanto o patio como os corredores e facilitando a entrada gradual do alumnado de Primaria e Secundaria, xa que o alumnado de Infantil entrará ás 8:45 acompañado por familiares e será entregado no soportal ao profesorado correspondente.



Durante o horario lectivo para acceder ao recinto empregárase a porta lateral do paseo marítimo, na que dispoñemos dun videoporteiro. As portas de acceso ao interior permanecerán pechadas, pola seguridade do alumnado e para poder controlar as persoas que acceden ao mesmo.

4.8.2 Horario lectivo

EDUCACIÓN INFANTIL	
1ª Sesión	08:45 – 09:35
2ª Sesión	09:35 – 10:25
Recreo	10:25 – 10:55
3ª Sesión	10:55 – 11:45
Hora de ler	11:45– 12:15
4ª Sesión	12:15 – 13:00
5ª Sesión	13:00 – 13:45

EDUCACIÓN PRIMARIA	
1ª Sesión	08:45 – 09:35
2ª Sesión	09:35 – 10:25
3ª Sesión	10:25 – 11:15
Recreo	11:15 – 11:45
Hora de ler	11:45– 12:15
4ª Sesión	12:15 – 13:00
5ª Sesión	13:00 – 13:45

EDUCACIÓN SECUNDARIA	
1ª Sesión	8:45 – 9:35
2ª Sesión	9:35 – 10:20
3ª Sesión	10:20 – 11:05
4ª Sesión	11:05 – 11:50
Recreo	11:50 – 12:10
5ª Sesión	12:10 – 13:00
6ª Sesión	13:00 – 13:45
7ª Sesión	16: 20 – 17:10 (Martes)
8ª Sesión	17:10 – 18:00 (Martes)

4.8.3 Horario de gardas de transporte

Educación infantil e primaria

O alumnado de primaria irá entrando gradualmente no centro a medida que chegue, tanto se vén no transporte escolar como pola súa conta. O alumnado de infantil que vén no bus, entrará acompañado polo profesor de garda; o que vén coa familia, entrará acompañado por un familiar ata a porta de entrada unha vez que soe o timbre. Haberá dúas quendas de garda:

- Garda de entrada de luns a venres: 8:25 – 08:45
- Garda de saída de luns a venres: 13:45 - 14:00

En cada quenda de entrada estarán tres persoas: unha na porta peonil; unha na porta de autobuses que acompañará ao alumnado de infantil ata o momento de inicio das clases e outra que acompañará ao alumnado de primaria ao centro e fará garda no corredor de primaria. Na quenda de saída haberá tamén 3 persoas, unha delas encargárase de acompañar ao alumnado de infantil ao autobús e o entregará ao persoal coidador, e as outras dúas baixarán co alumnado de primaria; o profesorado de garda de saída confirmará que todos os buses saen do recinto sen incidencias.

Educación secundaria

O alumnado de secundaria irá entrando gradualmente no centro a medida que chegue, tanto se vén no transporte escolar como pola súa conta. Haberá dúas quendas de garda:



- Garda de entrada de luns a venres: 8:25 – 08:45; de 16:00 a 16:20 (martes)
- Garda de saída de luns a venres: 13:45 - 14:00; de 18:00 a 18:15 (martes)

En cada quenda de entrada estarán dúas persoas: unha vixiando o patio e outra que fará garda no corredor de secundaria. Na quenda de saída haberá 1 persoa, que se encargará de supervisar que todo o alumnado transportado suba ao seu autobús.

4.8.4 Horario de gardas de recreo

Educación infantil

Garda de recreo de luns a venres: 10:25 - 10: 55

En cada recreo estarán ao menos 3 persoas de garda.

Educación primaria

Garda de recreo de luns a venres: 11:15 - 11: 45

En cada recreo estarán ao menos 3 persoas de garda. Unha delas encargarse da biblioteca e as outras dúas da vixilancia do patio.

Educación secundaria

Garda de recreo de luns a venres: 11:50 - 12: 10

En cada recreo estarán ao menos 3 persoas de garda. Unha delas encargarse da biblioteca e as outras dúas da vixilancia do patio.

4.8.5 Horario de secretaría

A secretaría do centro terá o seguinte horario de atención ao público de setembro a xuño

- De luns a venres : 9:00 – 13:30
- Martes: 16:30 – 18:00.

Horario de verán (xullo) e datas non lectivas

- De luns a venres : 10:00 - 12:30

No mes de agosto para atender calquera emerxencia quedará exposto na zona exterior do centro, e salientado na páxina web, un correo electrónico e un teléfono para poñerse en contacto co persoal do centro e indicar o servizo requirido.



4.9 SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

4.9.1 Comedor e servizo de madrugadores

Dende o curso 15/16 está funcionando o servizo de comedor escolar xestionado pola ANPA; funciona mediante a contratación dun servizo de catering que proporciona a comida e os monitores/as que coidan do alumnado. Aquelas familias que queiran facer uso deste servizo terán que rexistrar a alta dos seus fillos/as na páxina web da empresa concesionaria do catering. Os cambios de última hora, tanto baixas como altas, xestionaranse directamente coa empresa de catering ou en caso de necesidade cos membros da ANPA coa antelación suficiente.

O horario do comedor é dende as 13:45 ata as 16:00 horas (non obstante, os nenos/as poderán recollerse en calquera momento anterior á hora de saída). No caso de que o día que se queden a comer teñan algunha actividade extraescolar a primeira hora da tarde, o monitor/a encargarse de levarlos á mesma. O servizo préstase nunha única quenda, cun número máximo de 30 comensais. Os menús cámbianse trimestralmente, cunha copia exposta permanentemente no taboleiro de anuncios da entrada ao Centro, outra no local do comedor, e outras a disposición dos interesados no local da ANPA.

Dende o curso 18/19 funciona o servizo de madrugadores, na actualidade xestionado polo persoal concesionario da cafetería do centro, o horario é de 07:30 a 08:30, hora na que o profesorado de garda faise cargo do alumnado.

4.9.2 Transporte

Funciona o transporte escolar para todos aqueles alumnos/as que teñen os seus domicilios lonxe do Centro. Funcionan cinco liñas que fan rutas diferentes, transportando en total 117 alumnos/as deste centro. Dito transporte realízano as empresas UTE Terras do Eume (rutas 1 e 2) e UTE ESCOLAR Lote 9 (rutas 3, 4 e 5) distribuídos da seguinte maneira:

Alumnos/as	Ed. Infantil	Ed. Primaria	ESO	Total
1 Fonte do Campo	0	2	6	8
2 Belelle	2	24	26	52
3 Marraxón-Sartego	2	4	7	13
4 Chamoso	2	8	17	27
5 Puntal	2	10	5	17
Total	8	48	61	117

As rutas son as seguintes:

- Liña nº 1 : Fonte do Campo – CPI A Xunqueira (Servizo integrado - Mobilidade)
- Liña nº 2 : Ruta Belelle – CPI A Xunqueira (Servizo integrado - Mobilidade)
- Liña nº 3 : Ruta Marraxón-Sartego – CPI A Xunqueira (Educación)
- Liña nº 4 : Ruta Chamoso – CPI A Xunqueira (Educación)
- Liña nº 5 : Ruta O Puntal – CPI A Xunqueira (Educación)

As modificacións nos itinerarios anteriores (novas paradas, desvíos...) deben ser solicitados á xefatura territorial a través do centro.



O horario do mesmo é de mañá, para a xornada continuada, e de tarde, os martes para o alumnado de Ed. Secundaria.

Na ruta nº 2 (Belelle) contamos con transporte adaptado, pois un dos alumnos vai en cadeira de rodas. Unha das coidadoras do centro vai nese autobús para atender as necesidades dese alumno, tanto na ruta de entrada como na de saída; isto non menoscaba a atención dos alumnos/as necesitados da súa axuda, pois permanece no Centro durante todo o horario lectivo.

Tamén cada unha das rutas dispón da figura de acompañante, que se fará cargo dos rapaces/as durante o percorrido ata o Colexio; as familias do alumnado a partir de 5º de EP firmaron, se así o estimaron conveniente, unha autorización para que os seus fillos/as poidan baixarse do bus sen que o estea esperando un adulto responsable deles .

En cumprimento do establecido pola Orde de 23 de xuño de 2011 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (DOG, 30 de xuño de 2011), e en relación co deber que o profesorado ten sobre a garda e custodia do alumnado que emprega o transporte escolar no período de tempo que transcorre desde a chegada do mesmo e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar establecéronse unhas quendas de gardas do profesorado dos tres niveis educativos.



5 OS PRINCIPIOS DE IDENTIDADE, VALORES E FINS EDUCATIVOS

5.1 IDENTIDADE E VALORES

Confesionalidade

Como centro de titularidade pública, o CPI A Xunqueira maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas. Maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada e ningún membro da comunidade educativa poderá exercer accións, actividades ou actitudes dirixidas ao adoutramento de calquera tipo de crenza ou ideoloxía.

Lingua de aprendizaxe

Potenciarase o uso da lingua galega, pero sempre dentro dun marco bilingüista de convivencia e respecto co castelán que permita construír unha sociedade baseada na riqueza que supón o intercambio entre as dúas linguas. Con esta medida pretendemos que ao rematar a etapa de ensino obrigatorio o alumnado acade un uso normal e non discriminatorio das dúas linguas oficiais. Como primeira lingua estranxeira, ofrecerase ao alumnado en todos os niveis de ensino que se imparten no CPI, a lingua inglesa.

Liña metodolóxica

Desenvolvemos unha metodoloxía activa, na que o alumno aprende actuando, analizando cos seus propios medios, observando.... Procurando fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se convirta na base da súa formación e da adquisición de aprendizaxes.

Valores democráticos

O noso centro pretende transmitir ao alumnado os valores básicos dunha sociedade democrática (respecto aos demais e a un mesmo, sentido da liberdade ligado ao de responsabilidade, a tolerancia, a solidariedade, a defensa da paz, o gusto polo traballo ben feito....) e incentivar a súa participación na mellora da comunidade educativa e da sociedade en xeral.

Coeducación

Traballaremos pola eliminación da discriminación contra a muller e na superación dos mitos, tabús e diferenciación de roles entre a muller e o home, practicando un tipo de educación para a igualdade sen discriminación por razóns de sexo, raza, condición social....

Xestión institucional

A idea dun centro democrático supón a necesidade dunha participación real e efectiva de todos os membros da comunidade educativa por medio dos representantes elixidos por cada un dos estamentos que a compoñen.

Obxectivos de desenvolvemento sostible

Os Estados membros da ONU adoptaron a finais de 2015 os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible co fin de erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas nun prazo de quince anos, de aí que tamén se denominen Axenda 2030. Dende o centro traballaremos para dar a coñecer estes obxectivos e faremos accións encamiñadas para acadalos.



5.2 FINS E INTENCIONS EDUCATIVAS

Enténdense como tales os obxectivos que se perseguen a distintos niveis. Todos eles teñen que impregnarse coas características manifestadas nos principios de identidade anteriores, e, segundo a súa natureza, podemos clasificalos en seis grandes grupos: pedagóxicos, de coordinación docente, humanos, institucionais, administrativos e de normalización lingüística.

5.2.1. Pedagóxicos:

- Concretar as ensinanzas básicas propostas dende a administración e adaptalas á realidade sociocultural da zona.
- Buscar unha aprendizaxe significativa fronte á memorística.
- Modificar os esquemas didácticos das diferentes materias para traballar no alumnado a súa formación segundo as oito competencias clave.
- Afondar no tratamento que fai na aula dos temas transversais, sobre todo con respecto ao medio ambiente e a actividade física como medio de formación, expresión e relación, co fin de lograr unha formación integral do noso alumnado.
- Fomentar a motivación do alumnado para que esta se reflicta logo nunha perseveranza no traballo e nunha boa actitude cara a adquisición de coñecementos.
- Ensinar creando un clima de respecto entre as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma.
- Traballar o espírito crítico e científico do alumno que o capacite para afrontar de xeito autónomo os problemas que vaian xurdindo.
- Traballar a diversidade atendendo ao alumnado en función das súas características individuais, poñendo en marcha todos os mecanismos que proporcione a lexislación vixente para iso (itinerarios, ACIs, diversificación curricular, apoios, reforzos, programas de recuperación de materias pendentes, etc)
- Orientar axeitadamente ao alumno no seu futuro académico ou profesional.
- Escoller axeitadamente os materiais (libros de texto, apuntamentos, páxinas web...) cos que se vai traballar na aula, fomentando a implementación de E-dixgal en todas as materias da ESO.
- Facilitar a distribución de espazos no centro para optimizar o seu aproveitamento nas diferentes actividades.

5.2.2 De coordinación docente

- Fomentar a participación do alumnado a través da xunta de delegados do centro e de calquera outro mecanismo (reunións de aula, titorías...) que favoreza a súa implicación nas actividades do centro.
- Axilizar as sesións de CCP, claustro e consello escolar co envío previo de toda a documentación relativa á reunión, e a difusión de formularios para as diferentes votacións.



- Optimizar as relacións entre os distintos departamentos didácticos, equipos de ciclo, orientación e dirección, mellorando a coordinación entre todos eles que dea lugar a modelos de programacións, metodoloxías, adaptacións curriculares... máis uniformes e coherentes.
- Potenciar a figura educativa do titor/a na resolución de conflitos e na comunicación regular coas familias.

5.2.3. Humanos

- Fomentar un ambiente escolar baseado nas boas relacións entre os distintos sectores da comunidade que permita unha convivencia máis harmoniosa.
- Delimitar o ámbito de actuación de cada sector dentro da comunidade para evitar intromisións innecesarias que desemboquen en situacións de conflito.
- Facer do NOF un elemento real e práctico á hora de regular as situacións de conflito e non só un documento onde se recollan os dereitos e deberes de cada un, implicando a todos na súa actualización para que todos o entendan como de obrigado cumprimento.
- Antepoñer o diálogo e a mediación fronte á sanción como método para resolver conflitos.
- Favorecer a mediación do propio alumnado neses conflitos.
- Valorar cada situación tendo en conta os diferentes agravantes ou atenuantes, que poden facela singular fronte a outras.

5.2.4. Institucionais

- Manter, na medida do posible, as mellores relacións coas diferentes institucións (Concello, ANPA, Consellería, etc) favorecendo o intercambio de información, de opinións e o diálogo tolerante para solucionar determinadas situacións.
- Facilitar a incorporación aos novos membros da comunidade educativa, principalmente profesores/as e alumnos/as.
- Ceder as instalacións ao resto da sociedade, sempre que sexa posible.
- Tomar decisións, sempre que sexa posible, en función de normas obxectivas.
- Velar polo bo cumprimento das obrigas dos diferentes estamentos do centro e escoitar as súas suxestións.
- Aproveitar as achegas por parte das diferentes institucións como vía para enriquecer o labor educativo.

5.2.5. Administrativos

- Coñecer a normativa que regula o funcionamento dos centros e actualizarse cando existan modificacións.
- Expoñer ao público, con rigor, obxectividade e transparencia, o traballo administrativo e burocrático do centro, respectando sempre a LGPD.
- Facilitar a atención ao público desde a secretaría do centro.
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías no cumprimento das tarefas administrativas entre o persoal docente, sobre todo os titores/as: Abalar, Abalarpro, correo electrónico.
- Potenciar a publicidade dos asuntos relacionados co centro mediante o correo electrónico, RRSS ou a páxina web.



5.2.6. Normalización lingüística

- Impulsar distintas accións que tendan a reforzar a lingua e cultura galega dentro do marco legal vixente en cada momento.
- Impulsar a organización de novas actividades que impliquen, fundamentalmente, a participación do alumnado (revistas, torneos de xogos populares...)
- Celebrar días estreitamente relacionados con Galicia, como o día das Letras Galegas, o Entroido, o Samaín, etc.

6 CONCRECIÓN CURRICULAR E ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

A Concreción curricular segue o esquema establecido pola aplicación PROENS.

6.1 A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Criterios xerais:

- Conectar o proceso de aprendizaxe coa contorna, as súas características e problemas.
- Favorecer a participación das familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Fomentar no alumnado capacidades e valores de participación, responsabilidade, respecto, tolerancia, coeducación e toma de decisións.
- Atender ás dificultades de integración do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Responder ás necesidades e intereses do alumnado e da sociedade para programar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Potenciar a autoestima do alumnado, así como fomentar a cultura do esforzo persoal e colectivo.

Potenciaranse, polo tanto, as capacidades comunicativas, afectivas ou de equilibrio persoal e de actuación e inserción social de todo o noso alumnado.

Educación infantil

A etapa de infantil contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.



- g. Iniciarse nas habilidades lóxico – matemáticas e achegarse a lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Educación primaria

Os obxectivos da Educación Primaria, estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte do alumnado, das capacidades que permitan:

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.
- d. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.
- e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f. Adquirir, en polo menos unha lingua estranxeira, a competencia comunicativa básica, que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicalos a situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega.
- i. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxe que recibe e elabora.
- j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Galega, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.



- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.
- n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Educación secundaria

A ESO contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para a realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación.
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos de coñecemento e da experiencia.
- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i. Comprender e expresarse en ao menos nunha lingua estranxeira de maneira apropiada.
- j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.



- k. Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencen á comunidade lusófona.

6.2 A contribución á adquisición das competencias

Coas áreas e materias do currículo preténdese que todo o alumnado destas etapas adquiran as seguintes competencias:

CCL-Competencia en comunicación lingüística. Habilidade para expresar ideas e interactuar con outras persoas de maneira oral ou escrita.

CP-Competencia plurilingüe. Habilidade para unha comunicación básica en ao menos unha lingua estranxeira, Ademais de en galego e castelán.

STEM-Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. Capacidade para aplicar o razoamento matemático para resolver cuestións da vida cotiá, utilizar os coñecementos científicos para explicar a realidade que nos rodea e aplicar eses coñecementos para dar resposta aos nosos desexos e necesidades.

CD-Competencia dixital. Uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información

CPSAA-Competencia persoal, social e de aprender a aprender. Capacidade para relacionarse coas persoas; capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela, organizar as tarefas e o tempo, traballando de maneira individual e colaborativa para acadar un obxectivo.

CC-Competencia cidadá. Capacidade para participar de maneira activa na vida social e cívica seguindo os principios democráticos e de convivencia pacífica.

CE-Competencia emprendedora. Capacidade necesaria para converter as ideas en actos, asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

CCEC-Competencia en conciencia e expresión culturais. Capacidade para apreciar a importancia da expresión a través da música, as artes plásticas, escénicas e a literatura.



6.3 Os criterios para incorporar elementos transversais

Todas as programacións didácticas abordarán a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, tanto a través dos currículos como colaborando co desenvolvemento do plan anual de lectura do centro, no que se establecen mecanismos de dinamización como a hora de ler, lecturas compartidas...

Abordaremos como elemento transversal en todas programacións o tratamento das TIC e da comunicación audiovisual para o cal participaremos no proxecto Edixgal e contamos con laboratorio de radio, croma, aula maker, biblioteca escolar con recursos tic, ...

A educación cívico social é fundamental para o desenvolvemento no alumnado de actitudes de respecto, tolerancia e igualdade, favorecendo a asunción dos valores consituacionais e democráticos na toma de decisións e na realización das tarefas.

A defensa da igualdade entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero, a integración das persoas con discapacidade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación por idade, sexo, relixión, ... serán a guía en todas as nosas programacións.

Favoreceremos o emprendemento do alumnado promovendo que realice propostas e promovendo unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula desenvolvendo a súa autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

A Axenda 2030 e os Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable no que se inclúen entre outros a defensa do medio ambiente, o acceso aos servizos básicos para toda a poboación, etc, serán recollidos e traballados nas diferentes unidades didácticas das nosas programacións.

Potenciaremos a educación para a paz promovendo actitudes de tolerancia e respecto e favorecendo a resolución pacífica dos conflitos como maneira de chegar a acordos e tomar decisións para mellorar a convivencia e o traballo do día a día no centro.

A formación de consumidores responsables e conscientes de que as súas decisións de compra repercuten no medio ambiente, na economía e no seu contorno é unha das guías á hora de desenvolver os contidos das nosas materias na aula.

6.4 Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Con carácter xeral adoptaranse as seguintes directrices metodolóxicas:

- Aprendizaxe a través de métodos de indución, experimentación e dedución, que promova no alumnado unha actitude investigadora e empírica.
- Metodoloxía construtivista que facilite a consecución de aprendizaxes significativas. Nesa concepción o alumnado será protagonista do seu proceso de aprendizaxe e da construción do coñecemento que responderá a unha asimilación comprensiva.
- Aprendizaxe en equipo e en pequeno e gran grupo.



- Metodoloxías que favorezan un menor espírito competitivo entre o alumnado e o fomento de valores como o traballo en equipo e colaboración.
- Metodoloxía que atenda á diversidade do alumnado con medidas que faciliten a individualización do ensino en grupos reducidos con actividades diferenciadas, materiais adaptados ás necesidades e características do alumnado, adaptacións do currículo, materiais específicos e adaptacións de currículo e/ou de metodoloxía.
- Metodoloxía que fomente a creatividade e as manifestacións da propia iniciativa.
- Ensino motivador que contemple os intereses, necesidades e expectativas do alumnado.
- Metodoloxía que fomente o uso de recursos educativos en aberto (REA) e de deseño universal de aprendizaxe (DUA) que favorezan a atención á diversidade, a accesibilidade universal e a inclusión, e que conduzan á creación dun contorno persoal de aprendizaxe (PLE) propio.
- Ensino que emprega as tecnoloxías da información e comunicación como recurso para comunicarse e interactuar, alcanzar obxectivos, adquirir competencias e desenvolver unha actitude crítica e reflexiva ante a información recibida.

6.5 Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O noso obxectivo é crear, nas aulas e no conxunto do ámbito educativo, unha organización de espazos e unha dotación de recursos para o alumnado e o profesorado que facilite o desenvolvemento de dúas finalidades:

- Crear "o espazo ideal" onde tanto o alumnado como o profesorado dispoñen das ferramentas máis eficaces que lles axudan a construír un tipo de coñecemento baseado na interacción cos seus compañeiros (traballo en equipo).
- Cos recursos cos que contamos no centro e cos medios que ofrecen as novas tecnoloxías, audiovisuais, software, ordenadores, redes de información, (Internet e intranet) para xerar procesos de aprendizaxe baseados fundamentalmente na aprendizaxe, polo descubrimento, e que á súa vez, axuden tanto aos estudantes como ao profesorado a producir materiais de maior calidade. Trátase de lograr tanto unha exploración máis profunda de ideas e conceptos como da súa representación.

Para estes efectos, buscamos os seguintes obxectivos:

- Priorizar os recursos dispoñibles para a aprendizaxe do alumnado: recursos educativos.
- Enriquecer as infraestruturas destinadas a actividades complementarias e extraescolares: instalacións culturais e deportivas.
- Utilizar as novas tecnoloxías no currículo ordinario.

Os materiais que se empregarán serán os que determinemos tendo en conta a presente concreción curricular.

Para a selección dos diferentes recursos e materiais teremos en conta os seguintes criterios xerais:

- Que non sexan discriminatorios



- Que permitan un uso comunitario dos mesmos
- Que degraden o menos posible o medio ambiente
- Que sexan de baixo custo para crear hábitos de aforro
- Que sexan adecuadas para o alumnado a quen van dirixidas
- Que cumpran as normas de seguridade esixidas para a súa manipulación
- Forte e duradeiro
- Atractivo para o alumnado
- Que favorezan o desenvolvemento das capacidades das distintas áreas e das competencias clave

Desta maneira, tamén se terá en conta as seguintes directrices:

- Cando seleccionamos recursos educativos para empregar no noso labor docente, Ademais da súa calidade obxectiva debemos ter en conta en que medida as súas características específicas (contidos, actividades, titorías..., etc.) se axustan a determinados aspectos curriculares do noso contexto educativo.
- Os obxectivos educativos que pretendemos acadar. Temos que considerar ata que punto o material pode axudarnos a facelo.
- Os contidos que se van tratar utilizando o material, que deben estar en sintonía cos contidos da materia que estamos a traballar co noso alumnado.
- As características do alumnado que os utilizará: habilidades, estilos cognitivos, intereses, coñecementos previos, experiencia e habilidades necesarias para o uso destes materiais... Todo material didáctico esixe que os seus usuarios teñan determinados requisitos previos.
- As características do contexto (físico, curricular...) no que desenvolvemos o noso ensino e onde pensamos utilizar o material didáctico que imos seleccionando. Quizais un contexto moi desfavorable desaconselle o uso dun material, por bo que sexa.
- As estratexias didácticas que podemos deseñar tendo en conta o uso do material. Estas estratexias contemplan: a secuenciación dos contidos, o conxunto de actividades que se poden propoñer ao alumnado, a metodoloxía asociada a cada unha, os recursos educativos que se poden empregar, etc.

Así, a selección dos materiais a empregar co alumnado contextualizarase sempre no marco do deseño dunha intervención educativa concreta, considerando todos estes aspectos e tendo en conta os elementos curriculares particulares que a afectan. A revisión atenta das posibles formas de uso do material permitirá deseñar actividades de aprendizaxe e metodoloxías de ensino eficientes que aseguren a eficacia na consecución da aprendizaxe esperada.

Tendo en conta os criterios xerais de todo o Centro en canto á selección de materiais, destacan os seguintes:

1. Recursos materiais:

- 1.1. Material das distintas áreas dos ciclos e departamentos
- 1.2. Material psicomotor
- 1.3. Xogos relacionados coa linguaxe, comprensión e xogos lóxico-matemáticos



- 1.4. Outros xogos e materiais de manipulación: crebacabezas, poliedros, crebacabezas, regras, fichas xeométricas, ludo, dominó, xogos de moedas, pictogramas, tabú...)
- 1.5. Material funxible: cartolina, cores, rotuladores, pinturas, xiz de cores, papel continuo...etc
2. Recursos audiovisuais:
 - 2.1. Uso da plataforma EDIXGAL nos cursos de 5º e 6º de Primaria, e en toda a Educación Secundaria, a través da cal se aprenderá a utilizar o ordenador e se desenvolverán os contidos das distintas áreas
 - 2.2. Laboratorio de Radio Escolar
 - 2.3. Radio, CD, gravadora, casete
 - 2.4. Taboleiros, murais, fotografías
 - 2.5. Televisión, vídeo, DVD
3. Recursos impresos:
 - 3.1. Libros de texto
 - 3.2. Materiais curriculares como desenvolvemento do noso Proxecto Educativo
 - 3.3. Libros da Biblioteca de Aula e Centro
 - 3.4. Prensa diaria e prensa especializada (revistas do profesorado, revistas de literatura infantil)

Estes recursos estarán á disposición do profesorado e o alumnado tanto nas horas lectivas como nos momentos de lecer nos espazos de uso común entre os que destacamos:

- Aula Maker: recursos tecnolóxicos, impresora 3D, material para construcións, lego's...
- Biblioteca Escolar: dotada cunha colección de literatura infantil e xuvenil, libros de divulgación das diferentes áreas de coñecemento e para distintas idades, impresora 3D, zona de lectura informal, ordenadores e tablets, e-readers, pantalla e canón, ...
- Sala de audiovisuais na que se atopa o laboratorio de radio e o croma
- Ximnasio
- Zonas exteriores do centro
- Pavillón polideportivo do concello, a carón do noso centro escolar

Pero tamén será necesario avaliar a idoneidade destes recursos e materiais, xa que a finalidade do seu uso é a eficacia didáctica, é dicir, a súa funcionalidade como facilitador da aprendizaxe, polo que se realizarán dous tipos de avaliación:

- A avaliación obxectiva. A avaliación obxectiva céntrase en valorar a calidade dos medios didácticos.
- Avaliación contextual. A avaliación contextual avalía a forma en que se utilizaron os medios nun contexto educativo determinado. A máxima eficacia didáctica co uso dos medios nun determinado contexto educativo conseguirase mediante a utilización de materiais axeitados.

6.6 Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No CPI A Xunqueira impártense a etapa de Educación Infantil e as dúas etapas de educación obrigatoria: primaria e secundaria. A oferta educativa do centro vén marcada polos seguintes decretos:

- a. DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b. DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c. DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

Nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria non está previsto ningún itinerario; a única escolla que farán as familias será entre a ensinanza da relixión ou a elaboración dun proxecto competencial.

Na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria hai horas de libre disposición do centro en 1º e 2º da ESO, unha materia optativa en 3º da ESO e 2 materias de opción e unha optativa en 4º da ESO.

6.6.1 Criterios xerais para a adxudicación das horas de libre disposición en 1º e 2º da ESO

Para decidir a que departamentos e materias se adxudican as horas de libre disposición de 1º e 2º da ESO terase en conta:

- a. En cada curso hai 2 horas de libre disposición, 4 en total, que deben ser preferentemente para materias diferentes.
- b. A dispoñibilidade horaria dos membros do departamento, de xeito que non implique deixar algunha materia propia como afín para outro departamento.
- c. A adecuación dunha das materias de cada curso na mellora das competencias básicas do alumnado.
- d. A adecuación da outra das materias de cada curso para fomentar os obxectivos ODS e/ou os estilos de vida saudables.
- e. A proposta debatirase na CCP, que a trasladará ao claustro e o Consello escolar para súa aprobación.
- f. No mes de maio revisarase a oferta para o curso seguinte.

6.6.2 Criterios xerais para a elección da materia optativa en 3º da ESO

No DECRETO 156/2022 especifícase que a materia optativa de 3º seleccionárase de entre as seguintes:

- Cultura Clásica
- Educación Dixital
- Oratoria

- Segunda Lingua Estranxeira

Para que unha materia se imparta cumpríranse estes criterios:

- a. O alumnado fará unha pre-matrícula destas materias en orde de preferencia.
- b. Se o número de solicitudes para unha materia é maior ou igual ca 10, a materia impartirase.
- c. Se o número de solicitudes está comprendido entre 5 e 10, solicitarase autorización á Xefatura Territorial.
- d. Se o número de número de solicitudes é menor que 5, a materia non se impartirá ese curso, e o alumnado que a solicitou pasará a matricularse automaticamente da súa 2ª opción, ou da 3ª no caso necesario.

6.6.3 Criterios xerais para a elaboración de itinerarios en 4º da ESO

No DECRETO 156/2022 especificase que en 4º da ESO o alumnado seleccionará 3 materias de opción, a escoller entre 10 (Bioloxía e Xeoloxía; Dixitalización; Economía e Emprendemento; Expresión Artística; Física e Química; Formación e Orientación Persoal e Profesional; Música; Latín; Segunda Lingua Estranxeira; Tecnoloxía), o que dá lugar a un número inasumible de posibles combinacións (120); Ademais escollerá unha materia optativa entre algunha destas 10 (non escollida con anterioridade) ou ben entre 4 materias máis (Cultura Clásica ou Oratoria, se non foron cursadas en 3º; Filosofía; Segunda Lingua Estranxeira). Vistas estas máis de 1000 posibilidades, e sendo este un centro pequeno con pouco alumnado, resulta imprescindible establecer uns itinerarios con agrupación de materias.

Para a elaboración destes itinerarios seguirase o seguinte proceso:

- a. O alumnado matriculado en 3º da ESO fará no mes de abril unha enquisa na que escollerá as 4 materias (3 delas de entre as 10 de opción) que lle gustaría cursar para o ano seguinte, logo dunha charla explicativa do proceso.
- b. O equipo directivo analizará os resultados desta enquisa, e fará unhas propostas de itinerario, tendo en conta:
 - b.1. A dispoñibilidade horaria do profesorado
 - b.2. Respectar a maioría das escollas do alumnado
- c. Na CCP aprobaranse os itinerarios propostos para o curso seguinte.

6.7 Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Cada equipo de ciclo en infantil e primaria e cada departamento na ESO, debe incluír na súa programación as actividades complementarias que propón para cada curso. Os criterios para o seu deseño son:

- Favoreceranse aquelas actividades que impliquen saídas fóra do centro, porque permiten ao alumnado descubrir a realidade tal e como é.



- Coherencia da saída ou actividade coa programación didáctica. Esta coherencia é fundamental para poder garantir a funcionalidade e a efectividade nas aprendizaxes do alumnado.
- Manter aquelas actividades tradicionais da zona e do centro como Samaín, Nadal, Entroido, 25N, día da Paz, 8M, etc...
- Programar actividades que propicien a cooperación entre as distintas etapas educativas, o intercambio de experiencias, de información, e o traballo conxunto a través de medidas organizativas que favorezan as relacións, fomenten a aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento de dinámicas grupais variadas.
- Estar abertos á programación de propostas externas que poden chegar dende institucións públicas ou privadas. Cada curso escolar aumentan estas propostas de actividades, a oferta é excesiva polo que o equipo docente ou o departamento deberá ter en conta a relación das actividades coas programacións didácticas e o grao de contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- Propiciar as convivencias escolares. O obxectivo fundamental neste tipo de actividades é favorecer as relacións de convivencia tanto entre o grupo de alumnos como co resto do centro.

6.8 Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O plan de reforzo deberá ter as seguintes características:

- Será elaborado polo profesorado que imparte a citada materia.
- Estará supervisado polo departamento didáctico, que velará polo seu cumprimento.
- Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.
- Cada departamento elaborará un guión dos obxectivos básicos requiridos para acadar a avaliación positiva en cada un dos cursos.
- Cada departamento poderá crear un curso online para publicar o plan e facilitar o acceso do alumnado aos recursos e ás tarefas.
- Poderán utilizarse distintos tipos de recursos: documentos, vídeos, tarefas online, tarefas en papel, etc...
- Será personalizado e adaptado ás características de cada alumno/a.
- Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.
- Será necesario obter avaliación positiva neste plan para superar a materia pendente.
- O titor/a e a familia serán informados deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.

O plan de reforzo deberá incluír, cando menos:

- a. Identificación da alumna ou do alumno.
- b. Información relevante sobre a materia sen superar.
- c. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.



- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g. Seguimento e avaliación.
- h. Acreditación da información á familia.

6.9 Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Educación primaria

O plan específico deberá ter as seguintes características:

- Será personalizado e adaptado ás características de cada alumno/a.
- Será elaborado polo equipo docente do curso no que estea matriculado, coordinado polo titor/a.
- Estará supervisado polo departamento de orientación.
- Terá en conta o informe final do curso anterior, prestando especial atención ás dificultades que tivo o alumno/a para acadar as competencias básicas.
- Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.
- Na avaliación final farase un informe sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.
- A familia será informada deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.

O plan específico de reforzo deberá incluír, cando menos:

- a. Identificación da alumna ou do alumno.
- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g. Acreditación da información á familia.

Educación Secundaria Obrigatoria

Os titores/as elaborarán en coordinación co equipo docente un informe final para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, indicando as medidas ordinarias que se aplicaron ao longo do curso e as necesidades educativas que motivan a repetición; este informe archivarase no expediente do alumno/a.

O plan específico personalizado para cada alumno/a deberá ter as seguintes características:

- Será personalizado e adaptado ás características de cada alumno/a.
- Será elaborado polo equipo docente do curso no que estea matriculado, coordinado polo titor/a.
- Estará supervisado polo departamento de orientación.
- Terá en conta o informe final do curso anterior, prestando especial atención ás dificultades que tivo o alumno/a para acadar as competencias básicas.



- Cada departamento elaborará un guiión dos obxectivos básicos requiridos para acadar a avaliación positiva en cada un dos cursos.
- Farase o seguimento do plan en cada avaliación, realizándose axustes se fose necesario.
- Na avaliación final farase un informe sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento
- O titor/a e a familia serán informados deste plan ao principio do curso e das posibles modificacións ao longo das avaliacións.

O plan específico personalizado deberá incluír, cando menos:

- a. Identificación da alumna ou do alumno.
- b. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g. Acreditación da información á familia.

6.10 Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

6.10.1 Criterios xerais sobre a avaliación do alumnado

Educación primaria

A persoa titora e o resto do equipo docente realizarán unha avaliación inicial, durante as primeiras semanas do curso escolar, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación será o punto de referencia para a toma de decisións na planificación educativa, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

A avaliación do alumnado será continua e global e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. Tomarase como referente:

- a. O grao de adquisición das competencias
- b. O logro dos obxectivos da etapa, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

Cando o progreso do alumno/a non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo tan pronto se detecten as dificultades. Así mesmo, estableceranse programas de enriquecemento se se detectase a necesidade. No caso do alumnado con AC, deberán incluírse na adaptación os referentes á avaliación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou etapa seguinte.

O profesorado avaliará:

1. As aprendizaxes do alumnado: os referentes para a avaliación serán os criterios de avaliación e o estándares de aprendizaxe. A avaliación das competencias clave forma parte da avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Avaliaranse a través dos indicadores de logro. Teranse en conta os estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte do

- perfil de cada competencia clave.
2. Os procesos de ensinanza.
 3. A práctica docente.

Educación secundaria

O carácter da avaliación será continua, formativa e integradora.

- *Continua*: estará inmersa no proceso ensino-aprendizaxe, para así detectar as dificultades no momento e adoptar as medidas pertinentes.
- *Formativa*: deberá servir de instrumento non só para a mellora das aprendizaxes, senón tamén para a mellora dos propios procesos de ensinanza e a práctica docente.
- *Integradora*: terase en conta, dende todas as materias, a consecución de obxectivos e o desenvolvemento das competencias.

O profesorado, a través das programacións didácticas, despois de analizar o currículo de cada materia, determinará os procedementos e instrumentos de avaliación e a metodoloxía a seguir en función dos criterios de avaliación.

Algúns dos instrumentos e procedementos de avaliación poderán ser:

- A observación sistemática do traballo do alumnado
- As probas orais e escritas
- Protocolos de rexistro
- Traballos de clase
- Probas online
- Traballos na aula virtual

Así mesmo, o profesorado poderá incorporar estratexias, tales como a *autoavaliación* para que o alumnado participe na avaliación dos seus propios logros, a fin de que reflexione sobre as súas propias dificultades e fortalezas; a *avaliación entre iguais*, para analizar a participación dos compañeiros e compañeiras nas actividades de tipo colaborativo.

O profesorado aplicará a avaliación de xeito sistemático e continuado a cada alumno e alumna ao longo de período lectivo do curso para recoller información fidedigna, cualitativa e cuantitativa, sobre o grao de adquisición das competencias no currículo da materia.

Nos departamentos e nas súas programacións teranse en conta, as necesidades do alumnado con NEAE. A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizaraa o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. En ningún caso, as adaptacións curriculares influirán para minorar as cualificacións obtidas.

Durante as primeiras semanas do curso realizarase unha avaliación inicial. Este proceso comprenderá, entre outras, as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a. Análise dos informes do curso anterior.



- b. Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

O equipo docente de cada grupo reunirse periodicamente en tres sesións de avaliación trimestrais e unha avaliación ordinaria a final de curso, que se fará na mesma sesión que a terceira avaliación; as datas destas sesións fixaranse cada curso académico na primeira reunión da CCP. O equipo docente estará constituído polo profesorado do grupo e o/a orientador/a baixo a coordinación do/da titor/a. Tras a celebración de cada sesión de avaliación, o/a titor/a informará por escrito a través do boletín de notas obtido a través da aplicación XADE a cada familia sobre o resultado do proceso de aprendizaxe de cada alumno/a. As familias dadas de alta en Abalar recibirán tamén esta información a través da APP.

6.10.2 Criterios xerais sobre a promoción do alumnado

Educación primaria

Decisións de promoción:

- Serán tomadas de forma colexiada polo equipo docente con especial consideración á información e criterio do titor/a.
- Tomaranse en 2º, 4º e 6º, promocionando automaticamente en 1º, 3º e 5º.
- A non promoción debe estar MOI xustificada e terá carácter excepcional. No suposto de aplicala, debe ir acompañada dun *Plan específico de reforzo*. Só se poderá aplicar unha soa vez na etapa oídos as nais, país ou persoas que exerzan a titoría legal.

Informes fin de ciclo/etapa:

Ademais do boletín de información ás familias que se emite cada trimestre:

- As titoras e titores de 2º e 4º emitirán un informe por alumno/a ao final de curso sobre o grao de adquisición das competencias clave e, no seu caso, das medidas de reforzo que deben contemplarse no seguinte ciclo.
- As titoras e titores de 6º emitirán un informe por alumno/a sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias clave desenvolvidas. No caso do alumnado NEAE, deberá reflectir as adaptación e medidas adoptadas e a necesidade de continuidade de ser o caso.
- No caso de verse a necesidade de medidas de reforzo para o ciclo/etapa seguinte, facilitarase unha copia de dito informe ao DO e formará parte do expediente do alumnado.
- No caso do alumnado que non promocione, elaborárase un *Plan específico de reforzo* que lle permita alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes no curso seguinte.
- Os informes de fin de ciclo pasarán a formar parte do expediente do alumno ou alumna. No caso de que unha alumna ou alumno necesite unha atención especial para o curso seguinte (áreas non alcanzadas ou calquera outra circunstancia, repetición de curso, etc.) enviarase copia ao DO para ser tido en conta a principio do curso seguinte.



Educación Secundaria Obrigatoria

O alumnado de 1º, 2º e 3º de secundaria promocionará cando aprobe todas as materias ou teñan avaliación negativa nunha ou dúas materias.

Cando o número de materias ou ámbitos non superados sexa maior que dúas, o equipo docente pode acordar de xeito colexiado a promoción cando se cumpran simultaneamente as seguintes condicións:

- a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado ou matriculada nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b. Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- d. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Se non se acada un acordo por unanimidade, procederase á votación e chegarase a unha decisión por maioría simple. O profesorado terá dereito a un voto por cada unha das materias que imparta ao alumno/a (incluíndo as pendentes); o profesorado de apoio e o orientador/a terán voz pero sen voto.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un **plan de reforzo** en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O alumnado con adaptación curricular promocionará nas mesmas condicións, sen que sen que isto poida impedirle a promoción. Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase só tras aplicar as medidas ordinarias de reforzo. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun **plan específico personalizado** con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer outro ano máis no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

6.10.3 Criterios xerais sobre a titulación do alumnado

O alumnado de 4º de Educación Secundaria Obrigatoria acadará o título de graduado en Educación Secundaria cando aprobe todas as materias ou teñan avaliación negativa en unha ou dúas materias.

Cando o número de materias non superadas sexa maior que dúas, o equipo docente pode acordar de xeito colexiado a promoción cando se cumpran simultaneamente as seguintes condicións:

- a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado ou matriculada nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.



- b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Se non se acada un acordo por unanimidade, procederase á votación e chegarase a unha decisión por maioría simple. O profesorado terá dereito a un voto por cada unha das materias que imparta ao alumno/a; o profesorado de apoio e o orientador/a terán voz pero sen voto. O alumnado con adaptación curricular acadará o título nas mesmas condicións, sen que sen que isto poida impedirle a titulación.

6.11 Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

A mención con matrícula de honra poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando o total de alumnado matriculado no cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A xunta de avaliación concederá esta mención seguindo os seguintes criterios:

- a. O alumno/a debe ter nota media en 4º da ESO maior ou igual ca nove puntos.
- b. Ordenarase o alumnado que cumpra o criterio anterior de maior a menor puntuación.
- c. Obterá a mención o alumnado con maior nota media en 4º da ESO.
- d. En caso de empate, obterá a mención o alumnado con maior nota media en toda a ESO.
- e. En caso de empate, calcularase unha media ponderada en 4º da ESO, en función do número de sesións semanais das materias.

No caso de persistir o empate, ordenarase o alumnado polas letras de prioridade que ese curso se utilice para o desempate no proceso de admisión.

6.12 As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

Dende o curso 2022/2023 as programacións dos cursos impares eleboraranse na aplicación informática PROENS; os cursos pares utilizarán esta aplicación a partir do curso 2023/24. Os elementos básicos que deben conter estas programacións veñen marcados por dita aplicación. Os puntos que deben desenvolverse nas programacións son:

1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
- 3.1. Relación de unidades didácticas
- 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas
- 3.3. Avaliación das unidades didácticas
- 4.1. Concrecións metodolóxicas
- 4.2. Materiais e recursos didácticos



- 5.1. Procedemento para a avaliación inicial
- 5.2. Criterios de cualificación e recuperación
- 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias
6. Medidas de atención á diversidade
- 7.1. Concreción dos elementos transversais
- 7.2. Actividades complementarias
- 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
- 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora
9. Outros apartados
- 10.1. Distribución CA por UD (por OBX)
- 10.2. Distribución CA por UD (por Bloque)
- 10.3. Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

Na páxina web do centro publicarase un resumo das programacións no que conste para cada materia e curso os seguintes puntos:

- Temporalización das UD
- Instrumentos de avaliación
- Materiais e recursos didácticos
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- Criterios de cualificación e recuperación

6.13 Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Cada curso escolar o centro participa en diferentes proxectos, plans e programas, tanto nas convocatorias da CCEU, como nas de outras entidades, como proxectos europeos, etc... A participación neles promoveráse dende o equipo directivo, dende calquer departamento ou dende calquer equipo docente informando nas reunións da Comisión de Coordinación pedagóxica das diferentes convocatorias e prazos. Para participar nestas convocatorias será necesario que:

- a. Un/unha profesor/a se comprometa a coordinar o proxecto, plan ou programa, sendo a súa responsabilidade a elaboración de toda a documentación relativa ao mesmo.
- b. Haxa profesorado disposto a participar nas actividades que o compoñen.
- c. Sexa significativo para o desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.
- d. Sexa aprobada a participación polo claustro e o consello escolar.
- e. Apareza reflectido na PXA ou nunha addenda, se esta xa estivese aprobada.

6.14 O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A concreción curricular e o seu grao de consecución serán avaliados e valorados na memoria anual, co fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a ela, ou no seu caso para introducir na

mesma as modificacións que o Claustro, seguindo as propostas da CCP, considere oportunas, de xeito que poidan facerse nela melloras que permitan un maior grao de consecución dos obxectivos previstos.



6.15 Período de adaptación en Educación Infantil

6.15.1 Xustificación do período de adaptación

Este período de adaptación é fundamental para o alumno/a, xa que a súa actitude ante a escola, ante as relacións sociais, ante as aprendizaxes ao longo de toda a escolarización, vai depender de como discorran os primeiros días de clase.

O ingreso na escola supón para o neno/a un gran cambio, xa que a entrada no mundo escolar fai que teña que relacionarse nun espazo diferente, con moitos nenos/as e adultos que non son da súa confianza, e adaptarse a novas rutinas ás que pode que non estea acostumado/a.

É por isto polo que é recomendable levar un cabo o período de adaptación progresivo e flexibilizado. Este axuste ou acomodación do neno á vida da escola require, por parte dos mestres/as dunha adecuada organización do Período de Adaptación, na que é moi importante a implicación e colaboración familiar.

6.15.2 Obxectivos

1. Adaptación do neno ao novo contexto escolar dun modo positivo, creando un clima de seguridade e afecto que lle facilite o seu desenvolvemento.
2. Ofrecemento ao neno e á súa familia dunha experiencia gratificante e positiva da escola infantil.
3. Favorecer a interrelación entre os nenos/as de forma paulatina, agradable e sen conflitos.
4. Acostumar os nenos/as aos horarios e rutinas da escola.

6.15.3 Organización

A adecuada organización do Período de Adaptación conleva importantes vantaxes sobre o desenvolvemento dos primeiros días de escola:

1. Os alumnos/as vanse incorporando ao colexio en pequenos grupos. E cada un destes grupos terá horario diferente de entrada, saída e permanencia no colexio.
2. O tempo de permanencia na aula lévase a cabo de forma gradual e vaise ampliando a medida que os nenos se acostuman á nova situación.
3. Para facilitar a conciliación familiar e escolar achegamos dende os primeiros días o horario de permanencia no centro ao horario do comedor e do transporte escolar.

O período de adaptación programarase atendendo as normas marcadas pola Consellería de Educación e que aparecen publicadas a través do DOG no calendario de cada curso educativo.

6.16 DOCUMENTOS DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Existen varios documentos que complementan a organización pedagóxica do centro, dos que se fará unha concreción anual ao principio e unha revisión ao final de cada curso :

- Plan de Orientación académica e profesional
- Plan de acción tutorial
- Plan de atención á diversidade
- Proxecto lector
- Proxecto lingüístico
- Plan dixital
- Plan de comunicación
- Proxecto Sección bilingüe
- Plan de igualdade

7 OUTROS DOCUMENTOS DE INTERESE

7.1 Programación Xeral anual

A Programación Xeral Anual é un documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa do CPI A Xunqueira; na PXA establécese a organización e se fixan os obxectivos de cada curso académico.

Esta Programación Xeral Anual xorde, sobre todo, polas seguintes consideracións:

Por unha necesidade de imperativo legal dado que así o dispón o Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro) e a Orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que establece a súa elaboración como un requirimento obrigatorio para os Centros Educativos.

Pola necesidade de elaborar unha guía de traballo que nos evite, na medida do posible, a rutina e improvisación, co establecemento de criterios de actuación compartidos e asumidos pola comunidade educativa, co fin de mellorar o máximo posible a organización e funcionamento do colexio.

Polos cambios que se producen a partir do curso 2014/15 coa Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que foi publicada no BOE do 10 de decembro como Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro; cambios que se producen a partir do curso 21/22 coa Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, que foi publicada no BOE do 30 de decembro de 2020.

Esta Programación Xeral Anual supón un compromiso para todos os que directa ou indirectamente, teñen compromisos de actuación e responsabilidade no funcionamento do centro.

7.2 Memoria Anual

A memoria de final de curso debe ser un fiel reflexo do traballo realizado no colexio durante o curso escolar, e recoller as conclusións máis relevantes da análise da Programación Xeral Anual e do seu grao de cumprimento, co claro obxectivo de mellorar a planificación das necesidades futuras, así como de lograr mellorar o funcionamento do centro.



Nos diferentes apartados desta memoria deberá quedar constancia do grado de cumprimento destes obxectivos en cada un dos ámbitos que configuran o funcionamento do CPI e se o Equipo Directivo considera que os obxectivos propostos na PXA foron conseguidos ou non, facendo unha valoración das actuacións emprendidas ao longo do curso para a súa consecución.

7.3 Documentos organizativos

As normas de organización do centro están recollidas nos seguintes documentos:

- NOF
- Plan de convivencia
- Plan de auto protección
- Proxecto de xestión económica

8 AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PE

8.1 AVALIACIÓN

O PE e o seu grao de consecución será avaliado e valorado na memoria anual, co fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a dito proxecto, ou no seu caso para introducir no mesmo as modificacións oportunas, de xeito que poidan facerse nel melloras que permitan un maior grao de consecución dos obxectivos expostos.

8.2 MODIFICACIÓNS NO PE

Este Proxecto Educativo entrará en vigor ó día seguinte da súa información ao claustro e consello escolar, quedando derogado o anterior. Poderá ser modificado por iniciativa de calquera membro da comunidade escolar. As modificacións incorporaranse como addendas ao documento inicialmente aprobado.

8.3 DIFUSIÓN DO PE

O PE do CPI A Xunqueira aparecerá na páxina web do centro para que poida ser accesible a toda a comunidade educativa.

O Equipo directivo encargarse de dar a máxima publicidade posible ao PE entre o profesorado e demais membros da comunidade educativa.

A Directora certifica que este Proxecto Educativo do CPI A Xunqueira foi presentado e avaliado polo Claustro e Consello Escolar en sesións ordinarias o día 26 de xaneiro de 2023.

En Fene, na data da sinatura dixital

A directora